“O esencial é invisible aos ollos”

# O Principiño

**ANTOINE DE SAINT-EXUPÉRY (1943)**



## O Pricipiño

Representa á infancia antes de dar o paso á etapa adulta. Son os sentimentos de amor, esperanza e inocencia que están presentes nas nosas vidas.





## A Flor

Representa o amor. Esta personaxe intenta ensinar que ás persoas debemos querelas polo que son, coas súas partes positivas e as súas partes negativas.

# O Raposo

Representa a amizade, entendida como un amor desinteresado.
É o Raposo quen dá ao Principiño un dos consellos máis importantes do libro "O esencial é invisible aos ollos. Hai que mirar co corazón."





## Serpe

Representa o paso do tempo, o final da etapa da infancia.



# Baobabs

Representan os problemas, as amenazas, as experiencias negativas que debemos atallar de forma rápida, antes de que sexan demasiado grandes.

# O Vaidoso

É unha representación de quenes só se preocupan do que os demáis opinan deles, de recibir halagos e loubanzas, tentando encher un vacío persoal imposible de completar dese modo.



# O Astrónomo turco

Representa a forma que teñen os adultos de ver aos nenos, que non son tidos en conta coa mesma seriedade. Fainos reflexionar sobre a esaxerada importancia que concedemos á apariencia das persoas, levándonos a xulgalas negativamente, sen escoitalas e sen coñecelas.





## O Xeógrafo

Representa a incapacidade para ser conscientes do valor do máis próximo da nosa realidade.

## O Faroleiro

Representa aos traballadores, ás persoas que se entregan ás súas tarefas, ás veces sen reflexionar sobre o sentido das súas accións.



# Home de negocios

Representa a ambición, a codicia. Trátase dun símbolo de adultos que adican a súa vida ás posesións e non poden recoñecer o valor da mesma, que desperdician e pasan por alto.



## O Bebedor

Representa a aquelas persoas que, para fuxir da realidade, refuxiánse nun vicio que detestan, pero non son quen de abandonar.





# O Rei

Representa a autoridade, a necesidade de poder dos homes, aínda que ese poder non sexa real.

“O esencial é invisible aos ollos”

# O Principiño

**ANTOINE DE SAINT-EXUPÉRY (1943)**

